

Concello de Bueu

Exp.: 2637/23
Promotor: Concello de Bueu
Asunto: Proxecto de pavimentación dos pasillos interiores do cemiterio de Beluso
Situación: Beluso (Bueu)

ANTECEDENTES

- 1 Concello promove o expediente de Proxecto de pavimentación dos pasillos interiores do cemiterio de Beluso en Beluso, Concello de Bueu.
- 2 De acordo co artigo 3.a do Decreto 93/2017 de 14 de setembro, polo que se regula a composición e funcionamento dos consellos territoriais de Patrimonio Cultural de Galicia, do Consello Asesor dos Camiños de Santiago e da Comisión Técnica de Arqueoloxía, considérase que non é preciso o informe preceptivo previo do Consello Territorial de Patrimonio Cultural.
- 3 Con data 26 de setembro de 2023 emítase informe técnico de arquitectura que di o seguinte:
"INFORME

Solicítase autorización para levar a cabo obras de pavimentación dos pasillos interiores do cemiterio de Beluso, tendo previsto solicitar para a obra unha subvención do Plan Concellos da Deputación Provincial de Pontevedra.

Este cemiterio está integrado na contorna de protección da Igrexa de Santa María de Beluso, Casa reitoral e Xacemento do Monte da Torre, en Bueu. A Igrexa figura recollido no catálogo do Plan Básico Autonómico e no do PXOM de Bueu, e está dotada de protección integral segundo a ficha R-02 deste catálogo.

O ben inmueble referido, en aplicación do art. 30.1 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia, quedou integrado no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia coa consideración de ben catalogado, polo que as actuacións que se pretenden executar deberán contar coa autorización desta consellería en aplicación do artigo 45.1.b) da mesma lei.

De acordo co artigo 39.1 da lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia, as intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como, de ser o caso, no seu contorno de protección ou na súa zona de amortecemento, terán que ser autorizadas pola consellaría competente en materia de patrimonio cultural, coas excepcións que nela se establecen.

DESCRIPCIÓN DAS OBRAS

Solicítase autorización para levar a cabo a pavimentación dos pasillos interiores do cemiterio de Beluso, o proxecto recolle as seguintes actuacións:

1. Formigonado dos pasillos interiores do cemiterio.
2. Pavimento de lousas de pedra país.
3. Formación de canaletas para augas pluviais.

A definición exacta das obras e a que segue:



- *Derruba manual de pavimento de lousas de pedra, retirada de cascallos e carga, sen transporte a vertedeiro.*
- *Escavación con miniexcavadora, i/axuda manual nas zonas de difícil acceso, limpeza e extracción de restos ás beiras ou carga sobre transporte.*
- *Escavación en terreo rocha, con medios mecánicos adecuados, para escavacións en volumes continuos.*
- *Escavación de zanxa para tubarías, todo tipo de terreo, excepto rocha, medido sobre perfil.*
- *Desmontaxe e montaxe de banco de pedra, formado por unha peza horizontal (asento) e duas pezas verticais (patas).*
- *Desmontaxe de arqueta de sumidoiro e reixa fundición.*
- *Firme para calzada de camiño, formado por pavimento de formigón acabado con textura superficial rapado.*
- *Pavimento de lousas de granito Silvestre seleccionado de 60x40 cm y 5 mm de espesor, acabado apomazado en caras vistas.*
- *Colocación de lousas de pedra pais existentes, sentadas con morteiro de cemento.*
- *Formación de canaleta prefabricada de PVC realizado sobre soleira de formigón.*

CONSIDERACIÓNS

As actuacións propostas de pavimentación recollidas no proxecto suscrito o 19.06.2023 responden aos criterios recollidos no artigo 46 da lei 5/2016 do Patrimonio Cultural de Galicia toda vez que se manteñan os valores ambientais do mesmo, polo que as intervencións que se realicen resultarán harmoniosas coas condicións características do ámbito. Deberán procurar a súa integración en materiais, sistemas construtivos, volume, tipoloxía e cromatismo, así como garantir a contemplación adecuada do ben catalogado. Polo tanto, na materialización das obras empregaranse materiais, solucións construtivas e características dimensionais e tipolóxicas en coherencia co ámbito en calquera tipo de intervencións así como cos elementos que o compoñen.

As obras definidas resultan compatibles cos valores obxecto de protección desta contorna non entanto deberá terse en conta que no chan do cemiterio existen enterramentos que deberán xestionarse, ou ben mantendo a súa presenza no chan e rematando o novo pavimento a carón das mesmas ou ben propoñendo o seu traslado a un lugar digno do descanso dos seus defuntos.

CONCLUSIÓNS

En atención ao anteriormente exposto, infórmase favorablemente ao solicitado por resultar ser obras compatibles coa protección dos valores dos bens catalogados do contorno toda vez que se atenda á existencia dos enterramentos soterrados que existen na actualidade, ou ben rematando o novo pavimento no perímetro do enterramento au ben propoñendo o seu desprazamento a un lugar digno e localizado."

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

- 1 É de aplicación na tramitación e resolución do presente expediente o disposto nas seguintes disposicións normativas:
 - Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
 - Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
 - Decreto 199/1997, do 10 de xullo polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comuni-



dade Autónoma de Galicia, modificado polo Decreto 93/2017 de 14 de setembro, polo que se regula a composición e funcionamento dos consellos territoriais de Patrimonio Cultural de Galicia, do Consello Asesor dos Camiños de Santiago e da Comisión Técnica de Arqueoloxía.

- Decreto 93/2017 de 14 de setembro, polo que se regula a composición e funcionamento dos consellos territoriais de Patrimonio Cultural de Galicia, do Consello Asesor dos Camiños de Santiago e da Comisión Técnica de Arqueoloxía.
- Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (DOG nº 126 do 4 de xullo).
- As demais normas de aplicación, en concreto a lexislación vixente do solo de Galicia (Lei 2/2016, do 10 de febreiro) en relación coa protección e a conservación do patrimonio cultural.

2 A intervención para a que se solicita autorización preténdese realizar no contorno de protección dun elemento que figura recollido no catalogado do Plan Básico Autonómico e no do PXOM de Bueu, polo que, segundo o artigo 30 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia, incorpórase ao Catálogo de Patrimonio Cultural de Galicia e pasará a ter a consideración de ben catalogado sometido ao réxime xurídico de protección aplicable a estes. En consecuencia, de acordo co art. 39 da devandita lei, precisa da previa autorización da Consellería de Cultura.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio da competencia que me atribúe o Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (DOG nº 126 do 4 de xullo) e conforme ao disposto na Resolución do 5 de xullo de 2022, da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, pola que se delega nos titulares dos servizos de Coordinación Cultural das xefaturas territoriais da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades o exercicio de determinadas competencias (DOG nº 134 do 14 de xullo) e á vista do informado polos servizos técnicos e sen prexuízo de calquera outra autorización esixida pola lexislación vixente,

RESOLVO

Autorizar as obras de Proxecto de pavimentación dos pasillos interiores do cemiterio de Beluso, en Beluso, concello de Bueu, coas seguintes condicións:

- se atenda á existencia dos enterramentos soterrados que existen na actualidade, ou ben rematando o novo pavimento no perímetro do enterramento au ben propoñendo o seu desprazamento a un lugar digno e localizado.

Contra esta resolución poderase interpoñer recurso de alzada ante o Conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa recepción, de acordo cos artigos 30, 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Mediante este documento notifícase a Concello esta resolución segundo o esixido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A directora xeral do Patrimonio Cultural
p.d.: Resolución do 05.07.2022
A xefa do Servizo de Coordinación Cultural
M^a José Echevarría Moreno

Avenida María Victoria Moreno, 43,6º
36003-Pontevedra
Teléfono: 986 805 541 Fax 986 805 548
coordinacion.cultura.pontevedra@xunta.gal

